

XXI CERTAME DE POESÍA SOBRE O NADAL

O Centro Cultural «José Domínguez Guizán» de Begonte –entidade que promove o Belén Electrónico– co patrocinio de CAIXA GALICIA, co gallo do Nadal 1996, ven de convoca-lo «XXI CERTAME NACIONAL DE POESÍA SOBRE O NADAL», que se vai rexir polas seguintes BASES:

- 1.–Poden participar tódolos poetas que o desexen, con textos en galego ou castelán.
 - 2.–O tema dos traballos ha se-lo de O NADAL, desde calquera punto de vista.
 - 3.–Hanse valora-los textos que fagan referencia a Begonte e o seu Belén.
 - 4.–É libre a construción dos poemas e a medida dos versos.
 - 5.–Hanse concede-los seguintes premios:
 - PREMIO BEGONTE DE POESÍA, dotado con 100.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
 - SEGUNDO PREMIO, dotado con 50.000 ptas. e estatuíña de Sargadelos.
 - 6.–A remisión de orixinais farase por triplicado ó Centro Cultural de Begonte (Lugo), tanto persoalmente como por correo certificado, antes das doce horas do día seis de xaneiro de mil novecientos noventa e sete.
 - 7.–Tódolos traballos han ser presentados con plica, facendo constar nela os datos persoais do autor.
- BEGONTE (Lugo), nadal de 1996

BASES